


**VEN COÑECER A CELANOVA
DE CURROS E CELSO EMILIO**

Programa para grupos escolares






Benvidos a unha pequena mostra do noso contorno

Deixa que por unha vez sexa a **literatura** a que te acompañe polo patrimonio artístico, musical e relixioso, ademais de facer un percorrido pola historia de Galicia coma se dun libro se tratase.

En primeiro lugar e por orde cronolóxica, presentámosvos a Celanova de Curros e Celso Emilio, para que coñezades a nosa oferta ó completo e poidades decidir que é o que máis se adapta ás necesidades dos vosos alumnos e alumnas. Encontraredes, ó final do documento, actividades que se poden incluír no percorrido para enriquecer a xornada. De tódolos xeitos, engadimos a nosa recomendación para que vos sirva como base.




Todas as visitas estarán adaptadas ás necesidades do alumnado, tendo en conta as particularidades de cada grupo e o seu nivel.

Esperamos que vos guste a nosa proposta e, se é así, que nos coñezamos pronto!

A continuación deixámosvos unha lenda que vos axudará a identificar, dunha maneira máis visual, as diferentes materias que se reparten pola nosa ampla oferta:





Castromao - Cultura castrexa

Este xacemento é un dos principais referentes da cultura dos castros no Noroeste peninsular, tanto pola súa presenza no tempo (dende o século V a.C. ata o século II d.C.), como polas súas dimensións, con máis de 70 estruturas á vista.

É, ademais, unha boa mostra dun asentamento cun notorio proceso de romanización.

OBXECTIVOS:

- Coñecer como foron os primeiros asentamentos sociais do noroeste na Idade de Bronce.
- Achegarse ás peculiaridades da cultura castrexa no marco da heteroxeneidade peninsular.
- Descubrir as características e repercusións do proceso de romanización.




Pódeche ser útil saber:

- Tempo aproximado: 1 hora
- Necesario desprazamento en autobús

Aquí apareceu unhas das primeiras mostras de escritura de Galicia: "Tessera Hospitalis"





Capela de San Miguel - Alta Idade Media

Do conxunto monástico fundado por San Rosendo, o único resto arquitectónico que permaneceu no tempo é este oratorio, finalizado no ano 942.

Tanto polas súas dimensións como por ser o único resto enteiramente mozárabe en Galicia, este emprazamento constitúe un exemplar único en todo o norte peninsular.

OBXECTIVOS:

- Mergullarse no mundo das fundacións monacais da Galicia altomedieval e en como inflúen na formación de pequenos asentamentos que dependían destes mosteiros (orixe da estrutura parroquial que identifica a Galicia hoxe en día).
- Admirar variadas solucións arquitectónicas concentradas nun pequeno espazo, onde se pode contemplar o singular efecto solar do equinoccio.
- Descubrir a arte prerrománica e as influencias entre a arte cristiá e a islámica.




Pódeche ser útil saber:

- Esta visita está incluída no percorrido guiado ó Mosteiro de San Salvador

Aquí explicaranvos a orixe do nome da vila:
Cela-nova





Vilanova dos Infantes – Baixa Idade Media

Esta vila, situada a menos de 2 quilómetros de Celanova, constitúe un interesantísimo núcleo con características únicas como burgo medieval.

De Vilanova dos Infantes destaca a trama urbana, a Torre da Homenaxe e parte da muralla que a rodea.

Tamén se pode visitar a cova de San Vivión que comparte espazo cunha exposición etnográfica sobre os zapateiros.

O lugar é coñecido pola Virxe do Cristal e a súa respectiva lenda, que lle serviu de inspiración a Manuel Curros Enríquez. Nel criouse X. L. Méndez Ferrín.

OBXECTIVOS:


- Adentrarse no feudalismo galego como contrapoder ó dominio monacal.
- Coñecer a etapa das revolucións irmandiñas e o asentamento de comunidades xudías en Galicia.
- Contextualizar os gremios medievais e a devoción mariana.




Pódeche ser útil saber:

- Tempo aproximado: 1 hora
- O acompañamento inclúe o acceso á Torre da Homenaxe e á Cova de San Vivión
- Necesario desprazamento en autobús

Anima ó teu alumnado a que antes de vir lean a 'Virxe do Cristal'





Mosteiro de San Salvador – Idade Moderna

Popularmente coñecido como mosteiro de San Rosendo, é un dos maiores exemplos do esplendor da arquitectura barroca galega do século XVIII. Organizado ó redor de dous claustros (o barroco ou procesional e o coñecido como “Poleiro”, este último, do ano 1722) conta cunha luxosa igrexa na cal destacan o retablo maior, dous coros e un magnífico órgano.

OBXECTIVOS:

- Facer un percorrido artístico dende o gótico flamíxero ata o máis destacado barroco galego, como consecuencia da súa reconstrución ó longo de tres séculos.
- Informarse da importancia dos mosteiros na evolución social de Galicia, do proceso desamortizador e do seu uso civil posterior (centro de estudos ou prisión na Guerra Civil e inicios da posguerra).




Pódeche ser útil saber:

- Tempo aproximado: 1 hora
- Acompañamento guiado polo claustro barroco, interior da igrexa, sancristía, coro alto e Capela de San Miguel.

Aquí xurdiu o meu poema ‘Longa noite de pedra’





Casa dos Poetas – Idade Contemporánea

Trátase da casa familiar do poeta Manuel Curros Enríquez.

Constituída por dous edificios, no que nun deles destaca a estrutura dunha casa tradicional galega da que se conserva a lareira e a cheminea. Nela pódese facer un paseo pola vida e obra do autor, achegándonos tamén a outro dos poetas importantes da literatura galega, como é Celso Emilio Ferreiro.

OBXECTIVOS:


- Coñecer o Rexurdimento literario galego e outros momentos esenciais da historia de Galicia a través da figura de Curros Enríquez (por exemplo, o proceso migratorio a Cuba ou a creación da Real Academia Galega).
- Afondar na poesía civil e de denuncia social, presente nos dous autores.



Pódeche ser útil saber:
- Tempo aproximado: 1 hora.

Aquí vivín ata os 15 anos
e un pouco máis abaixo,
Celso Emilio





A continuación, enumeramos outras **opcións extra** dispoñibles:

Paseo por Celanova con Curros e Celso Emilio

Proposta literaria na que o alumnado lerán textos de Curros e Celso Emilio en espazos emblemáticos da vila que teñen unha directa relación co contido. Neste percorrido inclúese a visita a novos lugares, entre eles, a celda na que Celso Emilio estivo preso e a Biblioteca do IES Celanova C.E.F.



Pódeche ser útil saber:

- Tempo aproximado: 50'
- Entrega de material por alumno
- Recomendamos a asignación previa da lectura

Concertos didácticos de órgano


Dirixidos a alumnado dos últimos cursos de primaria, secundaria e bacharelato, impártense no órgano do Mosteiro de San Salvador.

Tras unha explicación do instrumento, a clase é eminentemente práctica para os alumnos e nela abórdanse contidos e partituras que se remitirán previamente na unidade didáctica anual.



Pódeche ser útil saber:

- Tempo aproximado: 50'
- Datás de realización: de marzo a xuño
- Previa reserva



Galicia e a sega en Castela ó longo dos tempos

Exposición sobre o fenómeno migratorio temporeiro que converteu a Galicia en exportadora de man de obra agrícola nos séculos XIX e XX.



Pódeche ser útil saber:

- Tempo aproximado: 20'
- Situada nas instalacións do Mosterio
- Sección dedicada a referencias literarias: Rosalía de Castro e Lamas Carvajal

Visita á reconstrución do poboado castrexo "Coelia Nova"

Inspirada no xacemento de Castromao, esta reconstrución dun barrio castrexo está composta por unha decena de estruturas e unha muralla que as rodea.



Pódeche ser útil saber:

- Tempo aproximado: 30'
- Necesario desprazamento en autobús
- A 500 metros do orixinal


Visita á Torre das campás

Seguindo as escaleiras de caracol que nos levan ata o punto máis alto do Mosteiro, desfrutaremos das mellores vistas da vila. Ademais dun reloxio mecánico de 1830 acolle unha mostra sobre a vida de San Rosendo do pintor J.A. Ocaña Martínez.



Pódeche ser útil saber:

- Tempo aproximado: 20'
- Grupo máximo 15 persoas



Suxerencia de horario

11:00 *Recepción na Praza Maior e visita á Casa dos Poetas*

Descanso

12:30 *Visita ó Mosteiro de San Salvador e Capela de San Miguel*

Xantar

15:30 *Proposta literaria*

Descanso


17:00 *Visita a Vilanova dos Infantes*

18:00 *Visita a Castromao*


Contidos adaptables a cada grupo
Tarifa 2016 - 2017: 1,50€ por persoa

Así podería ser o voso día!





Como chegar



*ALBERGUE

Se o teu centro se atopa moi lonxe, que isto non sexa un impedimento!

Contamos cun Albergue Municipal.

Para máis información, pregunta sen compromiso.

**AG-31

Este é o acceso a Celanova pola AG-31.



Contactos

Fundación Curros Enríquez

☎ 646 026 421

✉ fundacion@currosenriquez.es

Concello de Celanova

988 43 22 01 ☎

turismo@concellodecelanova.com ✉

Organizan:



Concello de Celanova

Colaboran:



Parroquia de
San Rosendo